



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 0083/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 17 de xullo de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 27 de xullo de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do IES Sánchez Cantón, de Pontevedra.

A reclamante indicaba que por escrito do 19 de xuño de 2017, presentado no instituto, solicitou que se lle concedera acceso á información pública sobre os datos estatísticos xerais e específicos das probas correspondentes ás materias de química e bioloxía do alumnado do devandito centro na convocatoria ordinaria da Avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade, previa disociación e omisión dos datos persoais dos alumnos presentados.

A reclamante manifestaba, literalmente, o seguinte:

“Que en el momento de presentación de dicha solicitud, por parte de personal del centro se me informó verbalmente que dichos datos no me iban a ser facilitados, ante lo cual solicité una explicación o contestación por escrito de dicha negativa en respuesta a la solicitud formulada. A día de hoy, no he recibido ninguna respuesta a mi solicitud, ni tampoco los datos solicitados.

Durante el año 2014 y 2015, cuando mi hijo cursaba 4ºESO y 1º de Bachillerato, he cursado sendas peticiones al centro educativo, solicitando los datos estadísticos correspondientes a la convocatoria de ese año, que me fueron facilitados en el propio centro sin ningún problema, e incluso me consta, que a raíz de la primera petición que yo he formulado, los

datos correspondientes a la convocatoria ordinaria de las PPAU se han publicado en la página web del centro, tal y como se demuestra en el pantallazo que se adjunta”.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude de acceso á información pública de data do 19 de xuño e presentada no rexistro do centro educativo en Pontevedra.

Segundo. Con data do 5 de setembro déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de setembro.

Terceiro. Con data do 21 de setembro de 2017 se recibiu o informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O informe, en resumo, indicou que o IES Sánchez Cantón non é a entidade responsable da información pública á que desexa acceder a recorrente, “polo que a data na que [REDACTED] presentou as súas solicitudes neste centro educativo non serve de referencia para computar o prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno .

Ningún centro educativo conta cunha oficina de rexistro auxiliar para a recepción xeral de escritos e a súa transmisión ás unidades administrativas, polo que nin se lles pode esixir respostas escritas por asuntos que non son da súa competencia, nin exercen funcións de recepción e/ou remisión de solicitudes, escritos e comunicacións para outros órganos, servizos ou unidades.

Non obstante, aínda sen ter obriga algunha de facelo, no exercicio dunha vocación de servizo público dilixente e colaboradora, o IES Sánchez Cantón remitiu os escritos de solicitude á unidade provincial da CIUG competente para conceder ou denegar o acceso á información desexada pola recorrente.

As solicitudes de acceso á información pública formuladas por [REDACTED] foron remitidas á unidade competente o 27.06.2017, data a partir da que se descoñece o curso dado pola CIUG ás súas peticións”.

De acordo co disposto na solicitude de informe da CTG, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegou os documentos que figuraban no expediente de acceso á información pública de [REDACTED]: as solicitudes presentadas no IES Sánchez Cantón e o oficio de remisión das solicitudes á unidade provincial da CIUG (LERD N°. 7 Campus de Pontevedra).

Cuarto. Na data do 25 de setembro de 2017 solicitóuselle á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) que informase á Comisión da Transparencia sobre a reclamación e achegase copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola CiUG foi o 28 de setembro.

O informe, en síntese, indicaba que con data de 14 de xullo de 2017 e Rexistro de entrada na CiUG nº 176 de 19 de xullo de 2017, a través do LERD nº 7 con sede en Pontevedra, recibíuse nesa Comisión Interuniversitaria de Galicia escrito asinado por dona [REDACTED], do IES Sánchez Cantón de Pontevedra indicando "achégamosvos dúas solicitudes de información sobre as notas das ABAU formulada por [REDACTED] que nos presentou neste centro. Dende o Servizo Territorial de Educación infórmannos que é a CiUGA (sic) a que dispón deses datos."

O informe sinala que os datos correspondentes ás probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) son elaborados polos responsables da aplicación informática NERTA (Artigo 189.5 da Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG nº 66, de 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia) unha vez finalizados os procesos de reclamación. No curso 2016-2017, a partir do día 28 de xuño de 2017.

Finalizados os procesos de reclamación e resolución das mesmas (28 de xuño de 2017) polo Tribunal Único das probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), todos e cada un dos centros de Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia con alumnos nas anteditas probas ABAU poden acceder aos datos correspondentes a través da aplicación informática NERTA.

O informe da CiUG remata sinalando que, se ben é certo que, como lle informou o Servizo Territorial de Educación ao IES Sánchez Cantón, a CiUG dispón —a través da aplicación informática NERTA— deses datos a partir da finalización os procesos de reclamación e resolución das mesmas polo Tribunal Único das probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), non é menos certo que todos e cada un dos centros de Bacharelato dispón dos datos que lle corresponden. E tal é así que, como se pode comprobar no informe que se xunta ao seu escrito, foi o IES Sánchez Cantón quen lle aportou os datos á interesada.

Quinto. Por oficio da secretaria da Comisión da Transparencia, na data do 16 de outubro solicitóuselle á CiUG que aclarase quen era o suxeito que elaboraba tales datos no exercicio das súas funcións. O escrito da Comisión foi rexistrado na CiUG o día 20 de outubro.

Con data do 27 de outubro, a CiUG respondeu xuntando copia dos datos relativos ao instituto Sánchez Cantón correspondentes as probas da ABAU de xuño de 2017, insistindo en que tales datos os teñen a súa disposición os centros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O recurso substitutivo contra a desestimación por silencio da solicitude de acceso á información foi presentado no rexistro da Deputación de Pontevedra o día 17 de xullo, antes do transcurso do prazo dun mes de que dispón o órgano competente para resolver sobre a petición e notifícala. Debemos lembrar que a solicitude de acceso á información foi presentada no IES Sánchez Cantón o día 19 de xuño de 2017.

Xa que logo, o recurso substitutivo debe ser inadmitido por non terse esgotado o prazo máximo conferido á administración para resolver sobre a concesión ou denegación do acceso. Como establece a lei o prazo cómputase desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Consta no expediente que o IES Sánchez Cantón remitiu os escritos de solicitude á unidade provincial da CiUG –órgano competente para conceder ou denegar o acceso á información desexada pola recorrente– o día 27 de xuño de 2017. Consta tamén no expediente que se recibiron a través do LERD nº 7 con sede en Pontevedra con data de 14 de xullo de 2017 e que se rexistrou a súa entrada na CiUG o 19 de xullo de 2017.

Quinto. Neste expediente débese salientar o retraso na recepción da solicitude polo órgano competente. Cómpre destacar que a CiUG non informa sobre se se lle deu traslado á reclamante da información solicitada e que unicamente se insiste en que os datos os teñen a súa disposición os centros. En ningún momento se lle informou á reclamante que os datos correspondentes ás probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) son elaborados polos responsables da aplicación informática NERTA, e que finalizados os procesos de reclamación e resolución das mesmas polo Tribunal Único das probas (o día 28 de xuño de 2017, no curso académico 16-17), todos e cada un dos centros de Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia con alumnos nas anteditas probas ABAU poden acceder aos datos correspondentes a través da aplicación informática NERTA.

Deste modo a reclamante coñecería o momento no que a información requirida estaría elaborada e o órgano competente para resolver sobre a súa solicitude, o que lle permitiría tamén ter coñecemento do prazo máximo para recibir a resolución ou entendela denegada por silencio e actuar no sentido máis convinte aos seus intereses.

Xa que logo, neste expediente non se deu un adecuado cumprimento das obrigas en materia de transparencia e acceso á información pública. Malia isto, a reclamación non pode ser

admitida ao non ter transcorrido o prazo legal co que conta o órgano competente para resolver sobre a solicitude de acceso á información.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Inadmitir a reclamación do 17 de xullo de 2017, presentada por ██████████ ██████████, con data de rexistro no Valedor do Pobo do 27 de xullo de 2017, contra a denegación por silencio do acceso á información por parte da Comisión Interuniversitaria de Galicia por non ter transcorrido o prazo legal conferido para resolver sobre a petición e notificala.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga